

MEMORIA DO SEMINADRIO

01806061

TAC,
Currículo e biblioteca:
Google e REA

CEIP Manuel Sueiro

Ourense

ÍNDICE

- 1 CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVEU O SEMINARIO.
- 2 VARIACIONES INTRODUCIDAS RESPECTO DO PROXECTO INICIAL
- 3 CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS
 - 3.1 OBXECTIVOS PROPOSTOS
 - 3.2 OBXECTIVOS ACADADOS
- 4 CONTIDOS DESENVOLVIDOS E ACTIVIDADES REALIZADAS
 - 4.1 Contidos desenvolvidos
 - 4.2 Actividades realizadas
- 5 CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACION EMPREGADOS
 - 5.1 Avaliación conxunta.
 - 5.2 Avaliación individualizada.
- 6 CONCLUSIÓN LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO.
- 7 RELACION DETALLADA DE MATERIAIS DIDACTICOS E DOCUMENTOS QUE SE ENTREGAN

1- CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVEU O SEMINARIO

A maioría do profesorado do CEIP Manuel Sueiro realizamos este Seminario, porque seguimos crendo que é unha ferramenta de moito valor para a introdución das TACs no noso centro, e darlle continuidade e publicidade ao traballo desenvolvido nos últimos cursos desde o Equipo de Biblioteca, o Equipo TIC e o EDL do colexio. O título do mesmo é **“TACs, currículo e biblioteca: Google e REA”**.

Participamos no Seminario un total de 11 mestres e mestras do Claustro.

As reunións celebráronse no CEIP Manuel Sueiro de Ourense, seguindo a temporalización proposta no proxecto inicial en horario de tarde.

De xeito habitual, en todas as reunións traballábamos sobre o orde do día previsto e ao rematar propúñanse tarefas para preparar a seguinte sesión. A realización da maioría das actividades tivo unha duración superior a reflectida nas sesións de traballo do Seminario.

Os materiais, traballos e actividades realizadas no Seminario, leváronse á práctica co alumnado, co profesorado ou coa comunidade educativa do noso centro, dependendo de para quen foran deseñadas.

Todo o proxecto de formación xirou sobre a utilización das TACs na aula e no centro, e da súa inclusión no proceso de aprendizaxe do alumnado. Hai que destacar o gran interese que esta temática segue causando no profesorado, no noso grupo tamén, o que fixo que volvese a ser moi doado pór en práctica todas aquelas propostas que foron xurdindo ao longo do curso.

2- VARIACIONES INTRODUCIDAS RESPECTO DO PROXECTO INICIAL

Non houbo variacións substanciais respecto ao proxecto inicial. So se adiantou a unha semana a realización da sesión final do Seminario.

3 – CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Decidimos continuar dinamizando a Web, Aula Virtual e Blogs do centro coa intención de recoller e plasmar nel moitas das actividades TICs que realizamos co noso alumnado nos diferentes proxectos en que estamos inmersos. Son actividades que perseguen integrar o uso das TICs no currículo, na biblioteca e na vida diaria do centro. Actividades, todas elas, que poden ser aplicadas en calquera outro centro educativo.

Con respecto aos obxectivos que nos propuxeramos inicialmente, sentímonos satisfeitos, e con ánimos para darlle continuidade a este proxecto de formación no vindeiro curso.

3.1 OBXECTIVOS PROPOSTOS

3.1. Finalidade

Conseguir unha serie de estratexias, recursos e técnicas que nos permitan continuar mellorando a coordinación e funcionamento no emprego de TAC no centro e na biblioteca.

3.2. Obxectivos

- ✓ Revisar e analizar aspectos do uso e funcionamento das TAC que precisen ser mellorados.

- ✓ Elaborar propostas TAC concretas que incidan na mellora do funcionamento da biblioteca e do currículo.
- ✓ Coñecer e familiarizarse co uso da web do centro en Drupal.
- ✓ Manter e actualizar os blogs do centro.
- ✓ Coñecer e familiarizarse co uso da aula virtual do centro en Moodle.
- ✓ Adquirir unha formación teórica e práctica para saber realizar actividades e recursos TIC de aplicación no aula.
- ✓ Adquirir estratexias necesarias para a elaboración de recursos de investigación educativa: Webquest e Cazas do Tesouro.
- ✓ Propiciar un momento e lugar de encontro para o intercambio de experiencias TAC que repercutan na mellora do proceso de ensino e aprendizaxe.
- ✓ Coñecer diferentes ferramentas, utilidades e programas que poidan ser de utilidade na aula: Ferramentas de Google.
- ✓ Crear recursos didácticos, sexan ou non interactivos, para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Empregar diferentes ferramentas de autor: EXE Learning, LIM...

3.2 OBXECTIVOS ACADADOS

- ✓ Todos os obxectivos propostos foron acadados. As expectativas iniciais sobre o uso das TACs no currículo e biblioteca do centro, non só foron acadadas, senón que foron superadas con creces.

3.3 OBXECTIVOS NON ACADADOS

- ✓ Precísase dedicarlle máis tempo ao traballo con ferramentas de autor como o

exelearning.

4 – CONTIDOS REALIZADOS E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

4.1 Contidos

- ✓ Implicación da tecnoloxía na educación. Modos de integración curricular.
- ✓ Dinamización da web dinámica do centro. Drupal.
- ✓ Blogs en drupal dentro da web do centro.
- ✓ Dinamización do aula virtual do colexio. Moodle.
- ✓ Ferramentas e utilidades en liña de Google.
- ✓ Ferramentas de Google.
- ✓ Ferramentas de autor de creación de recursos: Exe Learning, LIM, ...

4.2 Actividades

- ✓ Como inicio, manifestar que se se revisa a nosa web, aula virtual e blogs educativos, observárase que as actividades realizadas ao longo do curso son moitas máis das que imos reflectir nesta memoria.
- ✓ A primeira actividade realizada foi a **elaboración do proxecto** deste Seminario, e que xurdiu despois de reflexionar profundamente sobre que aspectos considerábase prioritarios para dinamizar o emprego das TACs no currículo e na biblioteca do centro e darlle sentido ao proceso no que nos vimos inmersos dentro do proxecto TIC do centro.
- ✓ Recibimos docencia sobre webs dinámicas e creación/mantemento de blogs. Asemade, recibimos formación sobre o potencial educativo dalgunhas ferramentas de Google. Practicamos e analizamos coas distintos elementos que

a compoñen coa axuda dos tutoriais que están accesibles desde o noso aula virtual e que foron realizados polo coordinador do Seminario.

- ✓ Realizamos múltiples actividades para dinamizar a web do noso centro, así como a nosa aula virtual e os tres blogs que en funcionamento no cole. Asemade, creamos un novo blog para reflectir todo o traballo realizado no programa “Aliméntate ben”. Este foi o obxectivo principal que nos propuxemos ao comezar este Seminario.

En total, entre “libros de contidos”, “páxinas web” e “historias”... realizamos **cerca de 200 entradas** entre o Blog de Biblioteca e a Web do centro.



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuel sueiro/>

- ✓ Adquirimos e perfeccionamos os coñecementos necesarios para empregar o espazo Drupal que dispón o centro coa axuda do relator/coordinador. Traballamos e experimentamos con varios tutoriais sobre a **creación de contidos**. Asemade, tamén reformamos e actualizamos constantemente o espazo web do centro coa creación de numerosos contidos, nos que hai que destacar os seguintes **libros electrónicos** (entre outros) que utilizamos para

traballar a educación documental desde a biblioteca e o EDL do centro:


- [Libro sobre mitoloxía nórdica.](#)
 - [Libro sobre Mitoloxía grega.](#)
 - [Libro sobre “Encontros con autores na biblioteca”.](#)
 - [Actualización do libro das Letras Galegas.](#)
 - [Recopilación de Lendas populares.](#)
 - [Libro recopilatorio da nosa poesía.](#)
 - Actualizamos [os libros existentes sobre recursos educativos](#) que elaboramos en cursos pasados.
- ✓ Actualizamos os cursos con recursos interactivos para utilizar en matemáticas e lingua en todos os niveis que se imparten no centro. A case todos eles se pode entrar como convidado, así facilitamos que outros compañeiros docentes podan utilizar os nosos recursos. Os máis destacados son os seguintes:



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuel sueiro/aulavirtual/>

- ✓ Para poder xestionar todo o traballo que íamos realizando no Seminario, utilizamos o **aula virtual** do noso centro. Creamos un curso onde colgamos todos os materiais utilizados e realizados no mesmo. O curso está dispoñible na web para quen queira visitalo, xa que se pode acceder a todos os contidos como convidado. O papel xogado por este curso en moodle foi moi importante no

desenvolvemento do proxecto, xa que permitiu e favoreceu a coordinación de todos os membros do grupo, ao ofrecer un lugar onde atopar todo o que se ía facendo nas sesións de traballo ou na casa individualmente.



<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelšueiro/aulavirtual2/course/view.php?id=48>

✓ Outros cursos actualizados en moodle neste Seminario:

- Recursos TIC para lingua e matemáticas:
 - [1º e 2º Ed. Primaria.](#)
 - [3º e 4º Ed. Primaria.](#)
 - [5º e 6º Ed. Primaria.](#)
- [Recursos interactivos para Ed. Infantil.](#)
- [Curso recopilatorio das nosas creacións educativas.](#)
- Asemade actualizamos os xa existentes de:
 - Curso [“Drupal como recurso educativo”](#)
 - Curso [“Aula virtual do centro: emprego didáctico”](#).
 - Curso [“Recursos TIC para a biblioteca”](#).

- ✓ **Mantemento do blog para a biblioteca en Drupal:** A vantaxe de crear un blog en Drupal reside no aforro de tempo que nos permite ao querer publicar novas na web do centro e no blog a mesmo tempo. Asemade, ao estar dentro do espazo corporativo da Xunta os contidos nel publicados teñen unha seguridade xurídica que non posúen en servizos de blog privados. Para elaboralo seguimos os tutoriais que Pablo Nimo ten colgados en Redeiras. O resultado pódese ver na seguinte ligazón:

The screenshot shows a Drupal blog page titled "O fogar de Leo". The main content is a slide presentation about Antón Fraguas, titled "Recursos didácticos". The slide image shows the text "ANTÓN FRAGUAS FRAGUAS" and "Letras gelegas 2019" next to a portrait of the author. The page layout includes a left sidebar with "Bibliotecas escolares" and "Útiles" sections, and a right sidebar with "Inicio do blog", "Eventos" (calendar for May 2019), and "A nosa Biblioteca" sections.

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelšueiro/blogdebiblioteca>


- ✓ **Blog:** Este curso tamén continuamos actualizando e mantendo o Blog de Meteoroloxía xa que continuamos a desenvolver no centro o programa de Meteoescolas do Plan Proxecta. O blog funciona como punto de encontro entre todos os implicados da posta en práctica do mesmo.



<http://meteosuevo.blogspot.com.es/>

Neste Blog realizamos máis de 100 entradas desde setembro ata xuño en colaboración co alumnado de apoio e 6º de Ed. primaria

- ✓ **Blog “Sueiriño aliméntase”.** Este curso elaboramos un novo blog destinado a recoller todas aquelas novas que teñen relación coas actividades sobre alimentación que se desenvolveron no centro.



<https://alimentasuevo.blogspot.com.es/>

- ✓ **Ferramentas de Google:** Seguimos experimentando con diversas utilidades da web 2.0 e sobre as posibilidades e potencialidades que nos ofrecen para utilizar no aula: **Google drive, docs, presentacións e maps:**
 - **Google Drive.** Mantemos un espazo en drive para ter unha copia online dos documentos que usamos no colexio e nas aulas. Todos formularios empregados no blog de meteoroloxía, gráficas, recollida de datos foron creados en google Drive:

- [Climograma.](#)
 - [Rexistro de pluviometría.](#)
 - [Rexistros de temperatura.](#)
 - [Formulario para introducir datos.](#)
- En **Google maps** actualizamos o mapa coa localización do noso centro e a súa área de influencia.
- [Localización do nosa cole en Google Maps](#)
 - [Área influencia do CEIP Manuel Sueiro](#)
- **Youtube.** Continuamos mantendo o repositorio de vídeos que realizamos no centro nesta ferramenta de Google. Este curso levamos realizado máis de 20 curtas.
- <https://www.youtube.com/channel/UCbHoS9kfj--ZIV0i04h3kYw/videos>
- **Google Fotos:** Grazas a esta ferramenta creamos unha galería fotográfica na que de xeito doado imos colocando as imaxes das actividades que realizamos ao longo do curso. Levamos realizado máis de sesenta galerías no que vai de curso. Témolas organizadas por coleccións que recollen as galerías de cada curso escolar. Exemplo destas galerías realizada
- [Galería de imaxes en Genially](#)
- <https://view.genial.ly/5cd15bad7f316b0f70f078bf/presentation-galeria-20182019>
- ✓ Para manter a nosa web e blogs empregamos outras ferramentas da **Web 2.0:**
- **Photo editor Pixlr.** Edición de imaxes en liña. Con esta ferramenta editamos a maioría das imaxes que empregamos na web e blogs.
 - **Compresor** online de todo tipo de imaxes. Este compresor online é o que empregamos para baixarlle o peso ás imaxes empregadas na web.

- **Calaméo.** A esta aplicación subimos algúns dos documentos que empregamos na aula e na web.

<https://es.calameo.com/accounts/4236973>

- **Soundcloud.** Neste espazo web colgamos os arquivos sonoros que realizamos para traballar na Hora de ler.

<https://soundcloud.com/ceip-manuel-sueiro>

- **Animoto.** Programa de edición de vídeos moi sinxela de empregar.

<https://youtu.be/vnloIGP0Gzo>

- **Google presentacións:** realizamos varias presentacións para traballar co alumnado na aula.

- [Iggdrasil e os nove mundos URL](#)
- [Presentación de Leanne Rivera.](#)
- [Presentación sobre Malala URL](#)
- [Presentación sobre Denis Mukwege URL](#)
- [Presentación sobre Nadia Murad Taha URL](#)
- [Presentación de Hans Christian Andersen](#)
- [Presentación sobre Antón Fraguas Fraguas](#)

- **Presentacións en Genially**

- [Concrecións curriculares do centro.](#)
- [Proxecto educativo do centro](#)
- [Galería de imaxes do curso 2018/19](#)

- ✓ **Ferramentas de autor:** Realizamos as seguintes actividades:
 - **Exelearning** "O sistema solar".




https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelšueiro/aulavirtual2/pluginfile.php/2074/mod_resource/content/2/sistema_solar/index.html

- **Caza do tesouro sobre Dinamarca.**




https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelsueiro/aulavirtual2/pluginfile.php/2107/mod_resource/content/1/caza_dinamarca/index.html

- ✓ **Outras actividades TIC** que se desenvolveron ao longo do curso foron as seguintes
 - Utilización do **programa Meiga** para a xestión da biblioteca.



<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=OEC015>

- ✓ Empregamos **programas de maquetación** para realizar documentos para a web:

Identidade	Datos interese	CEIP Manuel Sueiro
<p>O CEIP Manuel Sueiro é un colexio público dependente da Consellería de Educación e O.U.</p> <p>Pretendemos acadar un desenvolvemento intelectual e afectivo óptimo nos nosos alumnos e alumnas, nun ambiente de liberdade, creatividade, cooperación, responsabilidade e tolerancia.</p> <p>Contribuímos á formación integral do alumnado, educando para o pluralismo, a democracia, a convivencia pacífica, o respecto ao medio ambiente e fomento do deporte.</p> <p>Ademais das actividades académicas, tratamos de realizar outras que desenvolvan a personalidade, o traballo en equipo a disciplina persoal e o espírito de superación.</p> <p>Por todo o anterior buscaremos:</p> <p>Sensibilizar á Comunidade Educativa das influencias positivas e negativas das súas accións individuais e colectivas sobre o medio ambiente.</p> <p>Ter en conta as expectativas e intereses do alumnado.</p> <p>Establecer medidas para potenciar unha fluída relación entre as familias e o Centro.</p> <p>Buscar medios para compensar as desigualdades sociais así como as carencias familiares.</p> <p>Valorar a realidade lingüística e cultural plural, como enriquecedora.</p>	 <p>Web do centro: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelsueiro/</p> <p>988 231026</p> <p>Rúa Escultor Falide, 21 32004-Ourense</p> <p>ceip.manuel.sueiro@edu.xunta.es</p> <p>Almorzo: 8:30 a 9:00 Clases: 9:00 a 14:00 Comedor: 14:00 a 16:00 Complementarias: 16:00 a 18:00</p> <p>Biblioteca: http://metrosueiro.blogspot.com.es/</p> <p>Meteoroloxía: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelsueiro/blogbiblioteca/</p>	<p>Centro PLAMBE con PROA, PROECTA, Sec. bilingüe, Axudiar de conversa e Fomento do emprego do galego...</p>  <p>Aberto prazo de matrícula</p> 

http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelsueiro/system/files/triptico_matricula.pdf

- ✓ Elaboramos varias curtas en vídeo:
 - [Os nove mundos da mitoloxía nórdica](#)
 - Traller do PDI "[O xardín dos deuses](#)"

- [Mamá, quero ser Ziggy Sturdust](#)
 - Poema "[Fun un domingo](#)" de Rosalia de Castro.
 - [Sueiro obliteration corner](#)
 - Poema "[Amor eterno](#)"
 - Experimento "[Erupción volcánica](#)".
 - [Varios vídeos das actividades realizadas no centro.](#)
- **Actividades de educación documental:** Repasamos o curso de **cómo realizar unha webquest** creado polo coordinador/relator do seminario.



<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelšueiro/aulavirtual2/course/view.php?id=20>

- ✓ Actualizamos os repositorios de recursos educativos:
 - [Repositorio na aula virtual de programas da web 2.0 de utilidade educativa](#)
 - [Repositorio na web do centro de programas de utilidade na web 2.0](#)
 - [Repositorio sobre imaxes de dominio público ou licenza BY SA](#)
- ✓ Para finalizar realizamos a avaliación do funcionamento do grupo de traballo e elaboramos a Memoria final.

5 – CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACION EMPREGADOS

Como xa expuxemos anteriormente, a realización deste proxecto, de formación no centro, tivo para nós un balance moi positivo. Para a súa avaliación realizamos unha avaliación conxunta e outra individualizada

5.1 Avaliación conxunta.

Unha vez compilados e clasificados os materiais deste proxecto, fixemos a valoración do funcionamento e organización do mesmo:

- **O grao de participación e intercambio de experiencias** entre as compoñentes do grupo. Valoramos unanimemente dun xeito moi positivo este apartado xa que o grado de colaboración e participación de todos os membros foi moi alto o que fixo que fose posible levar á práctica todas as actividades propostas.
- **O seguimento e a adecuación da temporalización prevista.** Intentamos respectar os tempos establecidos para cada tema e a orde establecida na primeira reunión do grupo. O tempo de traballo en moitas das actividades que realizamos foi escaso, por exemplo, na creación de novas e contidos para a web, na dinamización dos blogs de meteoroloxía, biblioteca e aliméntate ben; en todas elas dedicamos moito máis tempo do reflectido nas actas de reunión. En canto á temporalización hai que dicir que a seguimos segundo o proposto no proxecto.
- **O nivel de satisfacción** en relación co perfeccionamento, e enriquecemento previsto, no uso das TACs dentro do aula e biblioteca do noso centro entendemos que cubriu amplamente as nosas expectativas.

5.2 Avaliación individualizada.

Para a realización desta actividade cada un dos membros do equipo cubriu unha enquisa de xeito individualizado. **Resultados:**

ENQUISA SOBRE O FUNCIONAMENTO DO SEMINARIO
<i>Valor das puntuacións para as preguntas da enquisa: MOI POUCO (1) / POUCO (2)/ SUFICIENTE (3) / BASTANTE (4) / MOITO (5)</i>

I.- ÁMBITO INDIVIDUAL : repercusión no propio desenvolvemento persoal e profesional.

	BRANCO	MEDIA	MODA
O meu progreso no proceso formativo en relación co tema foi	0	5	5
O meu grao de satisfacción co traballo desenvolvido é	0	5	5
A formación acadada repercutiu no meu traballo diario	0	5	5
O compromiso coa miña propia formación foi	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

II.- ÁMBITO GRUPAL: repercutiu na mellora da dinámica de traballo en grupo concretamente:

	BRANCO	MEDIA	MODA
Na mellora de toma de decisións consensuadas	0	5	5
No establecemento dun clima relacional positivo , gratificante	0	5	5
Na mellora de estratexias de traballo colaborativo	0	5	5
No compromiso co grupo	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

III.- ÁMBITO INSTITUCIONAL: repercusión na mellora da educación que se imparte no centro.

	BRANCO	MEDIA	MODA
Os acordos e as conclusións obtidas vanse pondo en práctica	0	5	5
Axudou a establecer no centro dinámicas de reflexión e detección de ámbitos de mellora. de forma autónoma	0	5	5
As expectativas de mellora da calidade do ensino no centro, en relación co tema tratado, cumpríronse	0	5	5
Os obxectivos conseguíronse	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

IV.- O ASESORAMENTO E APOIO POR PARTE DO CENTRO DE FORMACIÓN

	BRANCO	MEDIA	MODA
Deu resposta ás necesidades do grupo	0	5	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

V.- A DOCENCIA RECIBIDA *resultou*

	BRANCO	MEDIA	MODA
Adecuada para dar resposta ás necesidades do grupo	0	5	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

ORGANIZACIÓN

Debería mellorarse:
Ter docencia sobre exeelearning. Mellorar a dotación económica para a realización de actividades.
O que estivo ben foi:
Os contidos traballados. O relator. A coordinación entre os membros do Seminario. A coordinación coa Asesora do CFR de Ourense.

6- CONCLUSIÓNŞ. LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO

Despois de todo o manifestado ao longo desta memoria, só nos queda engadir que nos sentimos bastante orgullosos e satisfeitos do traballo realizado, xa que ao traballar en grupo os resultados alcanzados son moito mellores grazas ás achegas enriquecedoras de todos os membros do mesmo.

Entendemos que a dinamización da web e do aula virtual, así como o mantemento dos blog de meteoroloxía, do de biblioteca e do proxecto “Aliméntate ben” xoga un papel importante na mellora do emprego das TACs no proceso de ensino e aprendizaxe. Os mestres debemos adquirir confianza coas TIC para transmitir a nosa experiencia ao alumnado para ensinalos a usar as TAC para aprender.

O alumnado prefere traballar de forma interactiva, creativa e colaborativa tanto no aula como no domicilio, de forma que os seus traballos sexan máis reais e visibles, de aí a importancia que lle demos á súa colaboración no mantemento do blog de meteoroloxía, onde todo o alumnado de 6º de Ed. primaria participou como creador de novas no blog, recollendo diariamente a información meteorolóxica do noso centro.

É moi importante que a produción de calquera recurso sexa contrastada no aula e sexa accesible para todo o mundo e desde calquera lugar, de aí que se faga necesario o colocar todos os recursos no espazo web do centro.

Asemade, a integración das TIC no ámbito educativo é un proceso individual que cada mestre ten que descubrir por si mesmo, procurando realizala sempre coa axuda de mestres xa experimentados.

Vémonos na obriga de difundir todas as nosas experiencias a través do aula virtual para favorecer que estas boas prácticas axuden á creación de redes docentes que difundan as súas experiencias.

Esperamos que para o próximo curso sigamos tendo a posibilidade de continuar dando forma a este proxecto porque a pesar de que conseguimos dinamizar o emprego

das TICs no centro agora debemos ir máis alá e facer que se integren en todo o proceso educativo do noso centro.

Non hai máis que ver a transformación física e funcional que segue a ter o noso centro nestes últimos anos para darse conta de que merece a pena o aventurarse nesta experiencia formativa de case todo o claustro de mestres do CEIP Manuel Sueiro.

Vistos os resultados acadados, seguimos animados a seguir traballando e formándonos a través de proxectos de formación, grupos de traballo ou mesmo seminarios, para o próximo curso escolar.

Como **aspecto negativo**, queremos deixar constancia do **malestar causado** nos membros participantes no Seminario coa obriga imposta de ter que facer o curso de formación sobre os protocolos de Educonvives na plataforma do CAFI. A día de hoxe, hai membros do seminario que non realizaron os test por entender que é coma un castigo aos que intentan traballar e mellorar a súa condición de docente.

Por outra banda, parécenos unha **tomadura de pelo**, que un curso que se soluciona en 15' (así o fixeron varios membros de este Seminario) teña unha carga de formación igual ao 40% do noso seminario que durou todo un curso.

7 - RELACION DETALLADA DE MATERIAIS DIDACTICOS E DOCUMENTOS QUE SE ENVIAN

Material en soporte informático

- Materiais elaborados.
- Todo o traballo realizado ao longo do curso está reflectido na nosa aula virtual nun curso que creamos para o Seminario.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuel sueiro/aulavirtual2/course/view.php?id=48>

- Ligazóns a traballos elaborados na rede.
 - Drupal.
 - Libros dixitais elaborados na web
 - [Libro sobre mitoloxía nórdica.](#)
 - [Libro sobre Mitoloxía grega.](#)
 - [Libro sobre “Encontros con autores na biblioteca”.](#)
 - [Actualización do libro das Letras Galegas.](#)
 - [Recopilación de Lendas populares.](#)
 - [Libro recopilatorio da nosa poesía.](#)
 - Actualizamos [os libros existentes sobre recursos educativos](#) que elaboramos o curso pasado.
 - Máis novas na web (**cerca de 300 entradas na web do centro**)
 - [Web do CEIP Manuel Sueiro.](#)
 - Moodle.
 - Actualizamos os recursos TIC para lingua e matemáticas:
 - [1º e 2º Ed. Primaria.](#)
 - [3º e 4º Ed. Primaria.](#)
 - [5º e 6º Ed. Primaria.](#)
 - [Recursos interactivos para Ed. Infantil.](#)

- [Repositorio na aula virtual de utilidades da web 2.0 de utilidade educativa](#)
- Asemade actualizamos os xa existentes de:
 - Curso “[Drupal como recurso educativo](#)”
 - Curso “[Aula virtual do centro: emprego didáctico](#)”.
 - Curso “[Recursos TIC para a biblioteca](#)”.
- Blogs do cole
 - [Blog de alimentación en Blogger](#)
 - [Blog da biblioteca en drupal.](#)
 - [Blog de Meteoroloxía en Blogger.](#)
- Google drive/docs.
 - Google drive para a documentación do colexio.
 - [Climograma.](#)
 - [Rexistro de pluviometría.](#)
 - [Rexistros de temperatura.](#)
 - [Formulario para introducir datos.](#)
- **Google presentacións:** realizamos varias presentacións para traballar co alumnado na aula.
 - [Iggdrasil e os nove mundos URL](#)
 - [Presentación de Leanne Rivera.](#)
 - [Presentación sobre Malala URL](#)
 - [Presentación sobre Denis Mukwege URL](#)
 - [Presentación sobre Nadia Murad Taha URL](#)
 - [Presentación de Hans Christian Andersen](#)
 - [Presentación sobre Antón Fraguas Fraguas](#)
- **Presentacións en Genially**
 - [Concrecións curriculares do centro.](#)
 - [Proxecto educativo do centro](#)
 - [Galería de imaxes do curso 2018/19](#)
- Canal Youtube.
 - <https://www.youtube.com/channel/UCbHoS9kfj--ZIV0i04h3kYw/videos>

- Google maps:
 - [Localización do nosa cole en Google Maps](#)
 - [Área influencia do CEIP Manuel Sueiro](#)
- Exelearning:
 - ["O Sistema solar"](#).
 - Caza do tesouro "[Pescudamos sobre Dinamarca](#)".
- Audios co programa Audacity:
 - Radio Sueiro "[O tempo en Japan](#)".
- Maquetacións:
 - [Tríptico sobre o noso cole.](#)
- Vídeo
 - [Os nove mundos da mitoloxía nórdica](#)
 - Traller do PDI "[O xardín dos deuses](#)"
 - [Mamá, quero ser Ziggy Stardust](#)
 - Poema "[Fun un domingo](#)" de Rosalia de Castro.
 - [Sueiro obliteration corner](#)
 - Poema "[Amor eterno](#)".
 - Experimento "[Erupción volcánica](#)"
 - [Varios vídeos das actividades realizadas no centro.](#)
- Actualizamos os repositorios de recursos educativos:
 - [Repositorio na aula virtual de programas da web 2.0 de utilidade educativa](#)
 - [Repositorio na web do centro de programas de utilidade na web 2.0](#)
 - [Repositorio sobre imaxes de dominio público ou licenza BY SA](#)

En Ourense, a 15 de maio de 2019



Asdo: Norberto Blanco Dorrió